



CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBANO

ESCOLA DE VERÁN 2014 DO CONCELLO DE BAIONA

Art.1. Fundamentación

O campamento urbano “Escola de Verán 2014” do Concello de Baiona é unha medida municipal de conciliación de promoción autonómica, validada por Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade, de data 28 de outubro de 2011, promovida pola Ccelllería de Igualdade e cofinanciada polas persoas participantes e o Concello de Baiona , , que persegue entre outros obxectivos:

- Ocupar o tempo libre dos nenos e nenas en idade escolar de forma organizada e planificada a través de actividades de calidade
- Promover a corresponsabilidade entre os nenos e as nenas
- Maximizar e optimizar as instalacións educativas do municipio
- Facilitar a conciliación da vida persoal e laboral
- Etc
-

Esta actividade enmárcase entre outras :

-Na Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril do Estatuto de autonomía de Galicia, que establece que lles corresponde aos poderes público de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas , remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política económica cultural e social

Ademais enmárcase na Lei 7/2004 do 16 de xullo galega para a igualdade de mulleres e homes, a Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e mías a Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Estas tres leis recoñecen o ámbito municipal pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica d súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e para o establecemento das accións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, e social e establecen que a Administración Autonómica colaborará coas entidades locais s para estes efectos

Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Réxime Local.que establece no seu art.25 a ocupación do tempo libre como competencia propia dos municipios

E no III Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Baiona 2012-2015 , aprobado en sesión plenaria o dez de decembro de 2012 que establece no seu eixo “**IGUALDADE E CALIDADE**”, como entre as accións a desenvolver o “Desenvolvemento de actividades dirixidas a mellorar e ampliar a oferta socioeducativa e de ocio da localidade durante as vacacións escolares, mediante a realización de diversas actividades (Escola de Verán, Concilia Semana Santa....) coa finalidade de fomentar a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais” (4.1.1)

Artigo 2. Requisitos mínimos para participar na “Escola de verán “do Concello de Baiona

- O neno/a para o que se solicita a praza debe estar empadroado/a no municipio con data anterior a esta convocatoria (non e necesario acreditarlo, o concello o verificará) . ou que a nena ou neno para o que se solicite praza estivera escolarizado/a no curso escolar 2013-2014 nun centro educativo do municipio de Baiona.
- Ter nacido entre o ano 2002 e 2010.



Artigo 3 Data, horario e lugar de realización do programa

O programa desenvolverase ao longo do mes de xullo de luns a venres (**salvo o martes 24 e venres 25**) de 8:00 a 15:00h no CPI Cova Terreña e no CEP de Sabarís. Haberá flexibilidade no horario de entrada (de 8:00 a 9:00h) e no horario de saída (de 14:00h a 15:00h)

Artigo 4. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As persoas interesadas en participar na convocatoria, deberán presentar a solicitude (**Anexo I**) debidamente cumprimentada e asinada, xunto a documentación requirida, de acordo ao establecido no artigo 11, no rexistro de entrada do Concello de Baiona de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 h, e os sábados en horario de 9:00 a 13:00h, **dende o xoves 22 de maio ata o venres 6 de xuño ambos os dous incluídos. Non se admitirán solicitudes que non se presenten no prazo establecido neste artigo**

Artigo 5.. Número de prazas

Ofértanse 40 prazas no CEP de Sabarís e 40 no CPI Cova Terreña

Artigo 6. Prezo

O prezo público a pagar polas persoas usuarias é de 40€ **nen/a**, de conformidade co sinalado no artigo 5 da Ordenanza Reguladora do Prezo Publico esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da Concellería De Asuntos Sociais, Benestar e da Igualdade.
Non se admiten solicitudes por período de tempo inferior a un mes

Artigo 7 Instrución e procedemento de adxudicación de prazas

A instrución do procedemento correspóndelle ao Alcalde-Presidente do Concello de Baiona. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución

Se algunha das solicitudes non reúne algún dos requisitos esixidos na presente convocatoria, o órgano instrutor requirirá ás persoas solicitantes para que, nun prazo de cinco días hábiles emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, se terán por desistidas da súa solicitude. Os citados requirimentos de emenda faranse mediante publicación na páxina web do Concello de Baiona, e no taboleiro de anuncios do concello

Unha vez, revisadas as solicitudes e feitas as emendas:

a) Se as solicitudes cumpren os requisitos mínimos establecidos no artigo 2 desta convocatoria e non superan o número de prazas ofertadas o Alcalde-Presidente dictará resolución previo informe da técnica de igualdade municipal.

b) De haber máis solicitudes que cumpran os requisitos mínimos establecidos no artigo 2 que prazas ofertadas remitíranse as mesmas á comisión encargada de súa valoración, de acordo co establecido no artigo 8..

Artigo 8 Comisión de valoración

De haber máis solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2 que prazas ofertadas o Alcalde de Baiona, designará unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no art.9, así como de emitir un



Informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada . A comisión motivadamente, poderá requirir das persoas solicitantes información ou documentación adicional que

non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellora avaliación das solicitudes A comisión queda facultada para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación destas bases

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no art 9, a comisión de valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor resolverá a lista de admitidos/as e a de reserva

Artigo 9 Criterios de valoración

Nas solicitudes presentadas a comisión de valoración aplicará os seguintes criterios

- Familias monoparentais traballando.....5 puntos
- Familias nas que ámbolos cónxuxes traballan.....5 puntos
- Familias nas que un dos cónxuxes traballa.....3 puntos
- Familias numerosas de categoría ordinaria.....3 puntos
- Familia numerosa de categoría especial.....4 puntos
- Familias que soliciten praza para máis dun fillo/a.....2 Puntos
- Existencia de discapacidade da nai/pai.....1 punto
- Víctimas de violencia de xénero.....1 punto

En caso de empate, realizarase un sorteo ao chou entre as solicitudes que teñan a mesma puntuación

Artigo 10. Pago do prezo público As persoas adxudicatarias das prazas deben facer efectiva o prezo no servizo de recadación do Concello de Baiona, sito no Rexistro de Entrada, ou en calquera das contas bancarias do Concello de Baiona antes do martes 24 de xuño . Os e as participantes que non teñan aboada a cota nesta data quedarán excluídos e excluídas automaticamente e de selo caso chamarase telefónicamente á persoa correspondente segundo a listaxe de reserva.

Contas bancarias do Concello de Baiona

- **NCG BANCO ES06 2080 5015 6030 4001 1550**
- **BBVA ES11 0182 5355 8100 0000 3164**
- **B. PASTOR ES33 0238 8335 1606 6000 0173**
- **CAIXA GERAL ES0301303001130110583889**
- **LA CAIXA ES20 2100 1821 6802 0000 0539**
- **B.SANTANDER ES08 0049 4368 9627 1000 0683**
- **B. DE SABADELL ES44 0081 2308 6900 0100 1208**

As persoas que paguen o prezo público a través dunha entidade bancaria presentarán o resguardo; no Centro Municipal de Información á Muller (sito na rúa Dolores Agrelo nº 16-1ª planta), o remitirán por fax ao número 986/355291 ou por email ao cim@baiona.org

11. Documentación a presentar

- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada (**Anexo I**) xunto coa seguinte documentación:
 - Certificado que acredite que o neno/a estivo escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso 2013-2014 (**só en caso de non estar empadroad/a no municipio**)
 - Fotocopia compulsada do DNI da nai/titora ou pai/titor (o/a asinante da solicitude)
 - Fotocopia compulsada de tarxeta da seguridade social do neno/a.
 - Fotocopia compulsada do libro de familia.
 - Documento referente a autorizacións (**Anexo II**)
- De selo caso deben presentar ademais a seguinte documentación (**tódalas fotocopias deben estar compulsadas**).



- No caso de que o rapaz ou rapaza padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, terá que tomar algunha medicación, sexa ceñaco, etc., debeá presentar un informe médico.
- Auto de separación/divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental
- Título de familia numerosa.
- A situación de violencia de xénero acreditarase por calquera das seguintes formas (art. 5 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero):

Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar

Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007

Certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública autonómica ou local

Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local

Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia

Informe da inspección de traballo e da seguridade social ou calquera outros que se establezcan reglamentariamente

- Para acreditar a situación laboral:

Se traballa por conta allea acreditarase mediante calquera das seguintes formas::

Certificado da empresa ou administración actualizado de prestación de servizos

Fotocopia do contrato de traballo en vigor xunto coa última nómina ou vida laboral actualizada

Se traballa por conta propia acreditarase mediante:

Fotocopia do último recibo do pago da cota da seguridade social do Réxime Especial de Traballadores autónomos

Artigo 12. Devolución do importe

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente ingreso para participar na actividade, se o neno ou nena non acude, só procedeá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio da actividade, e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procedeá a devolución do importe.

Artigo 13 O Concello de Baiona resérvase todos os dereitos de cambiar ou suprimir calquera actividade en relación coa escola de verán.

Máis información no Centro Municipal de Información Muller . Tfno: 986/357554

Baiona 21 de maio de 2014

O Alcalde

Asdrúbal Jesús Vázquez Almuíña





ANEXO I

ESCOLA DE VERÁN CONCELLO DE BAIONA, AÑO 2014

SOLICITUDE

DATOS DO/A NENO/A	
Nome e apelidos da nena/o _____	
Enderezo _____	Municipio _____
Data de nacemento _____	
¿Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente, etc; que lle impida realizar a actividade con normalidade ¿Cál? _____	

DATOS DO/A NENO/A	
Nome e apelidos da nena/o _____	
Enderezo _____	Municipio _____
Data de nacemento _____	
¿Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente, etc; que lle impida realizar a actividade con normalidade ¿Cál? _____	

DATOS DO /A REPRESENTANTE LEGAL do/a menor			
Nome		Apelidos	
_____		_____	
Enderezo		Concello	Provincia
_____		_____	_____
Teléfono fixo	Mobil	Teléfono (2)	
_____	_____	_____	
En calidade de _____			



EXCMO. CONCELLO

DE **BAIONA**
(PONTEVEDRA)

===== APOYO A LA CANDIDATURA =====



**PUEBLOS
COLOMBINOS
DE ESPAÑA**
PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD

- Nai/titora
- Pai/Titor

EXPÓN :

Que aberto o prazo de inscrición para solicitar praza na Escola de verán do Concello de Baiona 2014 e aceptando as bases polas que se rixe esta convocatoria

Solicito sexa admitida esta instancia para solicitar praza na Escola de Verán 2014 do Concello de Baiona

NO CPI Cova Terreña No CEP de Sabarís

E asino a presente solicitude sendo responsable da veracidade dos datos contidos na mesma

Baiona, a -----de-----de 2014

O pai/titor ou nai/titora.

Asdo.-

Documentación que achega xunto a solicitude:

- Fotocopia do DNI da nai/pai ou titor/a compulsada(persoa que asina a solicitude)
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social da nena ou neno compulsada
- Fotocopia do libro de familia compulsada
- Anexo II

Outra documentación (tódalas fotocopias deberán estar compulsadas)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE BAIONA



EXCMO. CONCELLO
DE **BAIONA**
(PONTEVEDRA)



ANEXO II

D./D^a _____ con NIF/NIE -----
en calidade de nai/pai ou titor/a
de _____

Autorizo ao Concello de Baiona, en caso de ser admitido/a no programa Escola de VERÁN 2014 á cesión dos datos persoais contidos na solicitude presentada (nome do/a rapaz/a participante, data de nacemento, nome do proxenitor/a, teléfonos de contacto, tarxeta sanitaria e informes sanitarios de se-lo caso) á Empresa adxudicataria da organización das actividades da Escola de Verán , datos necesarios para unha eficaz organización e desenvolvemento da actividade.

Ademais

- autorizo
 Non autorizo

Ao Concello de Baiona durante a actividade á captación de fotografías , a gravación de imaxe e o rexistro de son, nos que apareza o neno/a antedito ben a título individual ou formando parte do grupo para a publicidade da actividade

Quedo informado/a e consinto o tratamento antes descrito

Baiona _____ de _____ 2014

Ado

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, a/o solicitante para participar na escola de verán do Concello de Baiona 2013, queda informada/o que os datos que nos facilite serán incorporados a un ficheiro do Concello de Baiona, para ser tratados coa finalidade de participar no programa. O/a solicitante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e oposición por medio de carta dirixida ao Concello de Baiona, rúa Lorenzo de la Carrera nº 17, 36300 Baiona